

Estimadas alumnas e alumnos, desde a Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías énos grato darvos a benvida á Universidade da Coruña.

Esperamos a que pasasen as angustias do principio de curso e de matrícula para darvos unha información que consideramos que é de grande importancia para todas e todos.

Chegastes a unha Universidade que, igual que a maioría das universidades europeas, está en cambio e quere superar algúns lastres do pasado que convertían moitas veces as facultades en lugares en que a comunicación profesor-alumno era excesivamente vertical; na que apenas existía homoxeneidade entre os plans de estudo, o cal dificultaba a mobilidade dos estudantes; en que importaba bastante pouco o grao de satisfacción dos alumnos e mesmo se finalizaban ou non os seus estudos; etc.

Un destes cambios fai referencia á titoría na Universidade. Nos últimos anos, na universidade pública española, está a aparecer a figura do profesor titor, papel que xa ten historia nalgúns universidades privadas e tradición en importantes universidades do Reino Unido (Oxford ou Cambridge).

O obxecto desta comunicación é o de vos facer partícipes de que na UDC, practicamente en todos os seus centros, está en marcha o PAT ou plan de acción titorial. Este non funciona en todas as facultades e centros do mesmo modo, pero inténtase ofrecer un titor a cada alumna ou alumno que comeza os seus estudos na UDC e que os acompañe ao longo da súa formación universitaria.

Talvez, a moitas e moitos de vós xa vos informaron do PAT e mesmo xa mantivestes algunha reunión cos vosos titores. Desde esta Vicerreitoría animámosvos a que utilicedes este servizo que vos brinda a Universidade, porque confiamos na súa utilidade. Existe un elevado número de profesores que voluntariamente se ofreceron a colaborar na posta en marcha do PAT, pero o éxito das accións de titoría fundamentalmente depende de vós, se facedes uso delas. Pero hai que lembrar que a titoría non ten unha función paternalista, pola contra, a súa meta é contribuír a reforzar a autonomía do estudante.